



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas do día quince de xuño de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso.

Non asisten e presentan escusa don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada en que:

Visto que no día de onte se remitiron ao departamento de Contratación propostas de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido” pola área de Cultura, Deportes e Mobilidade, entre os que figuran servizos e subministracións necesarios para levar a cabo “o día do deporte na rúa” que terá lugar o vindeiro sábado día 16 de xuño do ano que andamos, e tendo en conta que a Xunta de Goberno ordinaria terá lugar o martes día 19 de xuño, polo que está xustificada a urxencia da convocatoria dunha xunta de goberno extraordinaria e urxente.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vistos os expedientes remitidos á Alcaldía polo departamento de Contratación, incoados a instancia da concellería de Cultura, Deportes e Mobilidade considero debidamente xustificada a convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á citada sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Proposta da alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido”.

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Na unidade xestora tramitáronse os expedientes e “vales de pedido” que se relacionan a continuación.

Neles consta o informe de necesidade asinado polos técnicos coordinadores da Área, os concelleiros delegados, e por esta Alcaldía, de conformidade coa Resolución núm. 872/2018, do 3 de maio, de reserva das competencias que o artigo 118 da LCSP, atribúe ao órgano de contratación nos contratos menores.

Constan os informes emitidos pola Intervención xeral e polos técnicos coordinadores da área de onde se deriva que non hai fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que ao contratista proposto como adxudicatario non se lle teñen adxudicado contratos que illadamente ou en conxunto superen o importe de 15.000 € en subministracións, polo que, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP.

Consta o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.

Vista a proposta de autorización e disposición de gastos do concelleiro delegado de área.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes que constan nos expedientes de contratos menores mediante o sistema de “vale de pedido” que a continuación se relacionan, nas aplicacións orzamentarias sinaladas, así como a súa adxudicación ás empresas e polos importes que igualmente se indican:

Área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Nº expediente SERV/SUBM	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000078	Servizo de deseño	RONSEL DE	484,00 €	16 de	2018 341	1



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	gráfico e maquetación "Deporte na Rúa 2018"	IDEAS, S.L.		xuño	22609		
2018/C002/000079	Subministración de mochilas de cordóns conmemorativas do "Día do Deporte na Rúa 2018"	AROLAND (Juan José Sambad García)	750,20 €	1 día	2018 22602	341	1
2018/C002/000098	Servizo de ambulancia medicalizada para o "Día do Deporte na Rúa 2018"	CLÍNICA O BURGO	480,00 €	16 de xuño	2018 22602	341	1
2018/C002/000101	Impresión de dípticos e selos automáticos para a promoción do "Día do Deporte na Rúa 2018"	IMPRESA A Y R	547,74 €	1 día	2018 22609	341	1
2018/C002/000103	Subministración do avituallamento para os participantes no "Día do Deporte na Rúa 2018"	GADISA	699,60 €	1 día	2018 22602	341	1

Segundo: Notifíquese á unidade xestora, co fin de que o poña en coñecemento dos adxudicatarios para que procedan á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
María Luisa de la Red Ampudia